

O recordo da Lúa.

Ao principio só había escuridade. Naquela negrura uniforme nada se movía e o silencio envolvía todos aqueles entes invisibles que nas sombras se puideran agochar. Eu estaba alí. No meu tormento, limitábame a vagar en soidade á espera dun fin que non daba chegado. Aquela mordedura xeadá que para min supoñía esa situación mantiñame nun estado de etérea inconsciencia, limitada á penumbra petrificada da miña mente. Sentíame inútil naquel caos que nin sequera eu era capaz de ver, ulir ou tocar. Non existía aquí nin o onte ou o mañá, nin sequera o agora. O tempo non tiña ningún sentido tratándose de algo que permanecese impertérrito ao seu paso. Nalgúns momentos de lucidez, chegei a propoñerme se non morrera; ou se Cronos, vingándose de min por algo que eu non alcanzase a comprender, me retera no limbo, condenada a vagar eternamente, preguntándome o porqué e sen ningunha resposta concreta a iso. O meu corpo de prata desaparecera, ao igual que as teas de araña do meu cabelo, negras, que se alargaban alá ata onde a vista puidera alcanzar, entretecéndose coma unha aura corpórea ao meu arredor. Os meus ollos brancos xa non podían deleitarse co espectáculo do mundo. Porque agora, eu estaba soa.

El xa non *era* comigo. El, que tanto tempo eu amara e que aínda agora, seguía facéndoo. El, que me arrolaba no seu resplandor infinito e que me abrigaba da miña escuridade. Aínda recordaba como me envolvían as súas ardentes palabras, que acariciaban os meus oídos como as máis fermosas do mundo. Porque eran súas. Pero el agora xa non estaba comigo, perdéao para sempre. Un día, sen máis, desapareceu, deixándome perdida neste mar de confusión e tebras. Aínda podía ver ante min a súa longa cabeleira rizada de ouro e os seus ollos de lume, a súa pel ardente en contraste coa

miña, fría. Como eu brillaba só por el. Fun arroupada, rescatada da soidade e dun retiro involuntarios. Eu fora feliz.

Un día, estando abrazados nalgunha parte e en ningunha, díxome que debía marchar. Rogueille que non o fixera, agarreime ao seu peito chorando porque quedase ao meu carón, mentres os meus negros cabelos comezaban a entretecerse ao noso arredor, envolvéndonos. El dixo que debía ser así. Eu neguei, neguei e porfiei en que non, en que morrería se el me abandonaba. Recordo que nese momento me acariciou o rostro e me observou con tenrura, cos seus ollos cravados nos meus brancos. Murmurou no meu oído unha soa palabra que me deixou sumida no ensimesmamento. Notei os seus beizos nos meus, cálidos. Cando puiden mirar máis aló, el xa non estaba. Desde ese momento, eu deixei de ser eu mesma e perdinme nun mar de desesperación e de negrura. O mesmo de agora.

Notei como un par de bágoas escaparon dos meus ollos, caendo ao baleiro. Aquela palabra latera no fondo da miña memoria todo aquel tempo, esperando a desbordar a miña mente de dor e corrupción, para que eu mesma me afogase na lagoa da miña pena.

“*Selene*”. Escoitei unha voz na miña cabeza. Era el, que por fin regresara a buscarme, a levarme lonxe daquela soidade. Berrei sen voz en medio daquel caos de nada, desesperada por encontralo. Volvín escoitar dos seus beizos o meu nome e tentei moverme, buscando ás cegas a orixe da voz que eu tanto ansiara. Ao meu arredor, a negrura espesábase, afogándome. *Non o encontro, non o encontro*, pensei. Pero non me deixei vencer por aquela devastadora idea e intentei con todas as miñas forzas avanzar, aquelas forzas que me reteran durante tanto tempo. Notaba como os meus cabelos se desprendían e caían ás miñas costas, perseguíndome. Como a miña pel arxéntea volvía

brillar en medio das tebras dos meus ollos. Alarguei os brazos ao fronte, aferrándome ao invisible tirando de min cara a el, a onde el debía estar. Tiña que fuxir da miña prisión, do meu encarceramento voluntario, porque agora o comprendera todo. Non fora que alguén me encerrara, non era que Cronos me maldicira e se freara para min. Fora eu mesma a que, polo meu terror a quedarme soa, me envolvera na miña noite e me negara inconscientemente a escapar dela, a pesar de que no meu interior tamén desexaba desesperadamente desaparecer daquel lugar.

Berreí de novo no medio da noite, das estrelas que voltara a ver, correndo sempre en liña recta, buscándoo. *Volve a min, meu Sol. Xamais volverei a facer algo coma isto... foi culpa miña, seremos de novo nós e ninguén máis, meu e...* pensaba para min mesma, tratando que el me escoitara.

Topei de súpeto con algo. Os meus cabelos, coma as pólas dunha árbore, medraron ao alto, coma unha cúpula sobre nós os dous. Non cabía dúbida, encontrárao.

- De novo... es ti. – murmurei, sen poder crer o que tiña en diante dos ollos.

- Xamais marchara. – respondeume, envolvéndome entre os seus brazos. Chorei no seu peito durante un tempo incalculable, protexida pola súa luz e calor. As súas doces palabras bañábanme, coma un bálsamo para as miñas feridas. – Ámote. – dixo. Tamén eu o amaba, amábao máis ca nada.

Xa pasou moito tempo dende aquilo. Agora, cada noite, durante a hora meiga, el e mais eu podemos beber do noso amor, mentres a Terra queda sumida na escuridade, abandonando a súa luz. A noite dos meus cabelos vaise tecendo ao noso arredor, nós somos un. Mentres a miña pel brilla máis ca nunca grazas a el. Paso as noites á súa

espera, peiteando os meus cabelos no meu reflexo do lago, cando os poetas do mundo escriben sobre a morriña e sobre a soidade e a tristura dos corazóns cando me observan. Que grande desilusión sería se se deran conta de que non é así, de que en verdade o que ignoran é un amor ancestral. Ignoran que a Lúa sempre amou ao Sol, a pesar de que nunca se podan encontrar, salvo neses escasos momentos que nós roubamos á historia, ao mundo, eses nos cales eu son súa. Porque na noite só queda o seu nome, e no día, o meu.

MARÍA DÍAZ SERANTES, 1º D BAC